

Alberte Momán leva dez anos publicando dende que saiu *O lobo do xente* en 2003 e conta con dez títulos e dez premios no seu haber o que nos sae a libro e premio por ano, ademais de participar en máis de vinte obras colectivas. O que debería facer de Alberte Momán unha das voces fundamentais na literatura galega contemporánea.

O título que nos ocupa hoxe, *Erótica*, foi Premio Francisco Añón de poesía en 2004, publicación en portugués en 2008 e sae agora en 2014 a través de Redelibros en edición bilingüe portugués- inglés.

*Erótica* é a historia dun desexo insatisfeito, contada por un ninguén, un calquera, o zé-ninguém que somos todos.

Con este libro Alberte Momán fai unha denuncia social sobre o sistema capitalista. Este obríganos a desexar, a tentar posuír cousas, obxectos, mesmo persoas. Se acadamos o noso obxecto de desexo, xerarase unha nova necesidade, así nunha cadea infinita, onde cada “necesidade” satisfeita xera unha nova “necesidade” por satisfacer; ante a imposibilidade real de acadalas todas, nace a máis fonda das frustracións: a frustración vital.

A outra denuncia social que fai ao capitalismo, a través deste relato, é a da colocación estratificada dos cidadás, a través do status, veña dado este último pola clase social, polo nivel económico, académico ou por algo tan arbitrario coma os cánones de beleza establecidos na actualidade.

O protagonista ama a unha muller fermosa e, por tanto inaccesible, a non correspondencia dese desexo, xéralle despracer, tedio e frustración.

Sabe que socialmente non debe amala, pode palpar fisicamente a distancia entre o seu desexo e a crúa realidade. Vivencia así a ausencia, a irrealidade, o sufrimento que isto lle xera, a inseguridade e síntea cada vez máis inacadable. O protagonista coñece ben os principios do budismo e sabe que a existencia humana é sufrimento polo anhelos e polo desexo insatisfeitos.

Pero o protagonista non se somete, non asume a expulsión do lugar que el cre que merece e a sociedade capitalista lle nega, quere permanecer, perdurar no seu desexo, no seu amor.

Sabemos, e o protagonista tamén, aínda que loite contra iso, que un ninguén nunca vai conseguir namorar cunha muller fermosa. Non é o lugar que se agarda que el ocupe resignado nesta sociedade.

A maiores, Zygmunt Bauman, no seu libro *Amor líquido*, fálanos da fragilidade dos vínculos humanos na actualidade, na postmodernidade, as persoas cousificámonos e utilizámonos, é a manifestación da mercantilización e do individualismo preconizados polo capitalismo, pola contra, humanizamos os obxectos e dámoslles un valor que non posúen.

Bauman denuncia, nesta obra, a falta de solidez, de intensidade, de calidade; as relacións son cada vez máis fugaces, máis superficiais e etéreas, cun menor compromiso e polo tanto cun menor risco. As persoas pasamos a ser mercadorías para satisfacer as nosas propias necesidades, obxectos de consumo mutuo. Vivimos nun eterno presente onde non planificar é a norma, e o *carpe diem* a lei a seguir.

O psicólogo americano Maslow creou a hierarquía das necesidades, na base colocou as fisiolóxicas, seguidas das de seguridade, realización social, estima e autorrealización. Para este autor non se podían satisfacer as necesidades superiores se antes non tiñamos cubertas as anteriores, e colocou o sexo na base, e as reaccións amorosas no terceiro chanzo.

O zé-ninguém que nos ocupa recoñece a diferenza que Maslow tamén marcaba entre o que os humanos podemos ser e o que debemos ser. Sabe que non debe amar a unha muller fermosa, por moitos motivos, incluso polo sufrimento que iso lle provoca, pero faino vehementemente e con valentía, porque cre que temos que ser todo o que somos capaces de ser, desenvolver todos os nosos potenciais. El pode amala e merece ser correspondido, por que non?

Grazas pola atención e polo voso tempo.

Verónica Martínez Delgado